

JODY WILLIAMS

Jody Williams nace en Batteleboro (EE.UU) no ano 1950. Licenciouse en Artes na Universidade de Vermont en 1972 e estudou un postgrao en relacións internacionais en Washington.

Traballou como profesora de inglés en México e Reino Unido para logo trasladarse a Centroamérica, onde coordinou un proxecto educativo en Nicaragua e Honduras. Tamén desenvolveu e dirixiu varios programas de axuda humanitaria no Salvador.

Unha visita á Fundación Americana de Veteranos do Vietnam en Washington marcou a súa vida e o seu compromiso profesional. Alí coñeceu de primeira man as trágicas consecuencias do uso das minas antipersona no conflito bélico. Daquela, comeza unha loita sen tregua para lograr a erradicación destes artefactos.

En 1991 botou a andar a *Campaña para la Prohibición Total de las Minas Antipersona* (ICBL), á que nun primeiro momento se uniron algunhas ONGs. Desde entón, Jody Williams supervisou a mobilización de máis dun milleiro de ONGs de 70 países comprometidos coa loita pola prohibición total das minas antipersona.

Traballando en rede con Gobernos, organismos de Nacións Unidas e o Comité Internacional da Cruz Vermella, en setembro de 1997 a ICBL logrou un dos seus obxectivos prioritarios: a firma en Oslo dun tratado internacional suscrito por máis de 120 países para a prohibición do uso, almacenamento, comercio e fabricación de minas antipersoais.

O seu fondo compromiso viuse recoñecido co Premio Nobel da Paz en 1997.

Antón Rubiñán Rodríguez

4º ESO B